



**ORDENANZA 1.01**  
**IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

**Artigo 1º. Tipo impositivo**

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

- a) O tipo de gravame do imposto sobre Bens Inmobilés aplicable ós bens de natureza urbana fíxase no 0,57%.
- b) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobilés aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no 0,57%.
- c) O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobilés aplicable aos bens de características especiais fíxase no 1%

**Artigo 2º. Exencións**

1. Gozarán de exención ós inmobles previstos no artigo 62.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
2. Gozarán tamén de exención, previa solicitude, os inmobles previstos no artigo 62.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A solicitude, que deberá presentarse antes do 1 de marzo de cada exercicio, incluirá a acreditación do cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención:

- a) No caso dos centros docentes con concerto educativo:
  - Certificado da Administración educativa correspondente, acreditativa da calidade de centro concertado, assignable ós edificios e instalacións destinadas directa e exclusivamente ás actividades docentes obxecto de exención
  - Informe da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, acreditativo das superficies dos edificios ou conxuntos urbanísticos, adscritos exclusivamente á actividade educativa ou a servicios complementarios da ensinanza e de asistencia docente de carácter necesario, coa indicación do valor catastral asignado a cada un dos elementos citados

b) No caso dos inmobilios declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, a declaración do inmoble como ben de interese cultural.

c) No caso das superficies dos montes con repoboamento forestal ou rexeneración de masas arbóreas, certificación acreditativa emitida polo órgano competente da Administración Autonómica.

3. Gozarán asimesmo de exención os seguintes inmobilios

a) Os de natureza urbana, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 6 euros.

b) Os de natureza rústica, no caso que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade de bens rústicos posuídos no Municipio sexa inferior, despois de ser aplicados os beneficios fiscais, a 8 euros.

### Artigo 3º. Bonificacions

1. Gozarán dunha bonificación do 50 por 100 na cota do imposto os inmobilios que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construcción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu immobilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ó remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construcción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o día seguinte á notificación do acordo de concesión da licencia, por parte da administración municipal.

Para disfrutar da citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

- a) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construcción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- b) Acreditación de que o inmoble obxecto da bonificación non forma parte do immobilizado mediante certificación do Administrador da Sociedade

2. As vivendas de protección autonómica disfrutarán dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos contados dende o exercicio seguinte ó do outorgamento da cualificación definitiva.

Ao longo dos dous exercicios seguintes ao período citado, as vivendas de protección oficial disfrutarán dunha bonificación do 25% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmoble e este constitúa a residencia habitual do titular.

Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado durante o prazo de vixencia da mesma e terá efectos desde o período seguinte ao da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como Vivenda de protección autonómica do inmoble e a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmoble

3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa disfrutarán dunha bonificación na cota íntegra do inmoble de uso residencial que constitúa a sua residencia habitual, e na que esteñan empadronados os membros da unidade familiar, coas seguintes características:

Categoría de familia numerosa	Xeral	Especial
% bonificación si o valor catastral é menor ou igual de 100.000,00€	35	50
% bonificación si o valor catastral está entre 100.000,00 e 150.000,00€	20	35
% bonificación si o valor catastral é maior de 150.000,00€	5	20

Para a aplicación das bonificacións será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, que deberá acreditar condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial. O Concello constatará de oficio o empadroamento dos membros da unidade familiar no inmoble obxecto da solicitude.

Terán efectos no padrón do imposto, as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano, sempre que nas mesmas se acredite que se reúnen os requisitos esixidos para o seu disfrute o día un de xaneiro.

Incluiránse así mesmo no padrón do imposto as bonificacións concedidas nos anos anteriores que o día un de xaneiro sigan reunindo as condicións esixidas para o seu disfrute.

Non se poderá aplicar a bonificación a mais dunha vivenda por titular

4. Os bens inmobles de natureza urbana ubicados nas áreas ou zonas do concello que, conforme ao establecido na lei de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia e no planeamento urbanístico municipal vixente, correspondan a asentamentos de población singularizados pola sua vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, e que dispoñan dun insuficiente nivel de servicios básicos de titularidade municipal (agua, saneamento, alumeadoo público) gozarán dunha bonificación nas condicións que a continuación se determinan:

- a) Carencia dos tres servicios básicos, 45%.
- b) Carencia de dous dos tres servicios básicos, 30%.
- c) Carencia de ún dos tres servicios básicos, 15%.

As áreas ou zonas indicadas son aquelas incluídas no ámbito do artigo 13 da LOUPMR e nas ordenanzas 13 e 14 do vixente PXOU. A bonificación incluiráse de oficio mediante comunicación previa do departamento de Licencias no momento de outorgar a licencia de primeira ocupación nos ámbitos das ordenanzas citadas e unha vez que se comprobe a carencia dos servizos básicos de titularidade municipal polo departamento ou departamentos municipais que xestionen aqueles servizos.

O beneficio permanecerá en tanto non se provea de servizos aos devanditos asentamentos de poboación singularizados.

O departamento ou departamentos municipais que xestionen os devanditos servizos comunicará ao servizo de Xestión, Recadación e Inspección cada actuación que dote de algúns dos servizos básicos aos asentamentos singularizados de poboación definidos conforme aos criterios deste artigo.

O servizo de Xestión, Recadación e Inspección comunicará ao suxeito pasivo a perda ou modificación deste beneficio fiscal.

5. Gozarán dunha bonificación do 95 por 100 da cota os bens de natureza rústica das Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da terra.

Os solicitantes presentarán o certificado sobre a condición de Cooperativas Agraria ou de Explotación Comunitaria da terra, emitido pola administración correspondente.

Terán efectos no padrón do imposto as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano que reunan os requisitos esixidos para o seu disfrute o día un de xaneiro.



6. As bonificacións, previo informe dos departamentos municipais que correspondan, serán concedidas ou denegadas pola Xunta de Goberno Local
7. As bonificacións contempladas nos puntos 2, 3 e 4 deste artigo serán compatibles, sen que en ningún caso poidan exceder do 75% da cota íntegra, de forma acumulativa.

### Artigo 4º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da L.X.T.

### Disposición derradeira

*A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día catro de novembro de 2013. Contra o acordo inicial non se presentaron reclamacións, polo que se entende elevado automáticamente a definitivo. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil catorce, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.*